

FESTIVAL DE FONDO DE NATACIÓN MÁSTER

Tempada 2006 - 2007 - Circular 06-32

1.- Organización, data e sede

- 1.1.- O Festival de Fondo de Natación Máster celebrarase o día 17 de decembro de 2006.
- 1.2.- A competición desenvolverase nunha soa sesión que dará comezo ás 10:30 horas.
- 1.3.- Polo menos unha hora antes do inicio da competición a piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o queceamento.

2.- Programa de probas

- 1.- 1500 LIBRES M
- 2.- 800 LIBRES F
- 3.- 400 ESTILOS M
- 4.- 400 ESTILOS F

3.- Participación

- 3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

O.- de 20-24 Anos (nacidos anos 1987-1983)	G.-de 55-59 Anos (nacidos anos 1952-1948)
A.- de 25-29 Anos (nacidos anos 1982-1978)	H.- de 60-64 Anos (nacidos anos 1947-1943)
B.- de 30-34 Anos (nacidos anos 1977-1973)	I.- de 65-69 Anos (nacidos anos 1942-1938)
C.-de 35-39 Anos (nacidos anos 1972-1968)	J.- de 70-74 Anos (nacidos anos 1937-1933)
D.- de 40-44 Anos (nacidos anos 1967-1963)	K.-de 75-79 Anos (nacidos anos 1932-1928)
E.- de 45-49 Anos (nacidos anos 1962-1958)	L.-de 80-84 Anos (nacidos ano 1927-1923)
F.- de 50-54 Anos (nacidos anos 1957-1953)	M. 85 anos e máis (nacidos ano 1922 e anteriores)

A idade entenderase cumprida no ano 2007.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores (españóis e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente, non ter licenza territorial ou nacional de nadador, nin estar participando en competicións oficiais de natación por club ningún.

3.4.- Os nadadores nacionais e estranxeiros deberán estar en posesión da Licenza da súa Federación de procedencia, debendo enviar previamente unha fotocopia dela, xunto coa cota da súa inscrición.

3.5.- Para as probas de 1500 e 800 m. libres establécense as seguintes marcas mínimas de participación:

1500 LIBRES M: 34.00.00

800 LIBRES F: 21:00:00

En ditas probas límitase ademais a participación a dúas series con dous nadadores por pista (24/32 nadadores segundo o número de pistas). Tomaranse os mellores tempos de inscrición ata completar as dúas series independentemente da categoría e sempre para marcas inferiores á mínima establecida.

4. Inscricións

4.1.- Os clubs realizarán as inscricións empregando a base de datos ou *planilla* correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscrición" que o propio programa xera en formato pdf (preferible) ou word.

4.2.- Admitiranse, de forma excepcional, inscricións utilizando as relacións nominais que figuran no ANEXO, debéndose cubrir todos os datos: categoría á que pertence o nadador, especificando o grupo, a idade e nº de Licenza (DNI) do participante, responsabilizándose da veracidade dos datos (nome, apelidos e ano nacemento). Ditas relacións remitiranse preferentemente por correo electrónico.

Enderezo da Federación Galega de Natación:

Avda. Glasgow, 13. 15008 A Coruña

Teléfono 981.17.43.77 Fax: 981.29.09.00

Correo-e: info@fegan.org web: www.fegan.org

É moi importante que na inscrición figure o nome e medio de contacto co club que realiza a inscrición.

4.3- Para os nadadores pertencentes a Clubs non adscritos á Federación Galega de Natación establécese unha cota de participación de 1 euro por cada proba individual (a participación en relevos é libre), que se poderá facer efectiva a través de talón, xiro postal, efectivo, etc., no momento de formalizar a inscrición. Dita cota inclúe o custo da confección de series e resultados. Non se admitirá ningunha inscrición que non se acompañe do ingreso correspondente (non se admitirán pagamentos na propia piscina).

4.4.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do **día 4 de decembro de 2006 (luns)**, sendo responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

4.5.- Poderanse dar baixas ata media hora antes do comezo da competición non admitíndose altas.

5. Formula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contrarreloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categoría.

5.3.- En todas as probas poderán competir dous nadadores por pista en función do número de participantes.

5.4.- Puntuación:

a) Para os efectos de puntuación, só se terán en conta os nadadores con licenza da Federación Galega de Natación.

b) A puntuación nas probas individuais será 13, 10, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1. Os nadadores que non teñan tramitada licenza da FEGAN non puntuarán, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación que si teña tramitada licenza na FEGAN.

6.- Clasificacións

6.1.- Estableceranse clasificacións individuais por categorías masculinas e femininas que serán publicadas na web da FEGAN.

6.2- Para os Clubs Galegos faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais.

b) Total feminina en probas individuais.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non obtivese puntuación nunha delas.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Anexo

IMPRESO RELACIÓN NOMINAL DE PARTICIPANTES (Probos individuais e só relevos)

Club:		Nº	Federación				Nº	
Para calquera aclaración, a persoa de contacto será: _____		Teléfono:					Competición: a celebrar en: os días _____ de 200__	
		Tlf. Móbil:						
		Fax:						
		Email:						
MASCULINO ____ FEMININO ____	Ano	Proba e Nº	Mellor Tempo	25 50	E M	Data	Lugar	Tope A-B
Nº Licenza								
Nome								
Apelidos								
Categoría								
Nº Licenza								
Nome								
Apelidos								
Categoría								
Nº Licenza								
Nome								
Apelidos								
Categoría								
Nº Licenza								
Nome								
Apelidos								
Categoría								
Nº Licenza								
Nome								
Apelidos								
Categoría								
Nº Licenza								
Nome								
Apelidos								
Categoría								
Nº Licenza								
Nome								
Apelidos								
Categoría								

NON SE ADMITIRÁN RELACIÓNS RISCADAS E/OU CON CORRECCIÓNS

Impreso relación nominal de participantes – Inscripción en probas de relevos

Club:	Nº	Federación	Nº
Para calquera aclaración, a persoa de contacto será: _____	Teléfono:	Competición:	
	Tlf. Móbil:	a celebrar en:	
	Fax:	os días _____ de 200__	
	Email:		

Marcas conseguidas en probas de relevos

MASCULINO ____	Nº Proba ____	Nº Proba ____	Nº Proba ____	Nº Proba ____	Nº Proba ____
FEMININO ____	4x50 m. Libre	4x100 m. Libre	4x200 m. Libre	4x50 m. Estilos	4x100 m. Estilos
Mellor Tempo					
25 ou 50 m.					
Electrónico ou Manual					
Data					
Lugar					
Categoría					

A cubrir só en caso de "suma de tempos"

Nº Licenza	Nadador/a: Nome e Apelidos	Ano	Proba	Mellor Tempo	25	E	Data	Tempo Total
					50	M		

Lonxitude da piscina de competición e cronometraxe electrónica

Nº Proba: _____ 4x__ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x__ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x__ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x__ m. _____ CAT _____

Nº Proba: _____ 4x__ m. _____ CAT _____

Non se admitirán relacións con riscadas e/ou con correccións